



Grupo Municipal Popular
Santiago de Compostela

Argentina

MOG

PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR SOBRE A ADOPCIÓN DUN PACTO MUNICIPAL SOBRE AS INFRAESTRUTURAS

O Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de Santiago, ao abeiro do establecido na normativa de aplicación eleva a esa Alcaldía, para a súa inclusión na Orde do día a debater no Pleno da Corporación, a seguinte Proposición.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A cidade de Santiago conta cunha ampla dotación de equipamentos e de infraestruturas públicas, froito do labor conxunto e coordinado ao longo dos anos das distintas administracións públicas, que, guiadas polo interese xeral, souberon situar as prioridades da cidade por riba de calquera outra consideración.

Con todo, na actualidade existen varias actuacións de gran importancia – auténticos retos para o futuro da cidade- que aínda están pendentes da súa construción pola Xunta de Galicia e pola Administración do Estado, que se atopan en diferentes fases de tramitación e que precisan dunha actuación proactiva por parte da Administración local que debe colaborar de forma decida e sen dilacións para lograr a máxima axilidade na súa execución.

Nese caso están a ampliación da autoestrada AP-9 e as súas conexións, a nova estación intermodal, o emprazamento da Facultade de Medicina ou as obras da Estación Depuradora de Augas Residuais.

O feito de que varias destas actuacións teñan un carácter plurianual que se estende ao longo de varios anos, superando mesmo o mandato cuadrienal, xunto co propio grao de representatividade que existe na actual Corporación municipal, fai conveniente establecer unha postura en común na que se impliquen todos os representantes municipais para fixar un marco estable arredor da priorización e concreción das principais demandas municipais neste terreo.

Esta postura en común, concretada nun Pacto Municipal para as infraestruturas, contribuiría a evitar polémicas ou controversias no seo da Corporación que poidan poñer en cuestión ou adiar a execución dunhas obras consideradas do máximo interese para a administración municipal e para o conxunto da veciñanza, deixándoas á marxe do debate e da confrontación partidaria.

Deste xeito, constituiríase neste terreo unha postura común e sen fisuras, ao que poderían adherirse entidades ou colectivos locais de relevancia social, para o desenvolvemento das infraestruturas.

En consecuencia, o Grupo Municipal Popular propón ao Pleno a adopción do seguinte

ACORDO:

O Pleno do Concello de Santiago insta ao Goberno municipal a dar os pasos necesarios para articular unha proposta realista, posible e axustada ás necesidades da cidade, coa finalidade de establecer un Pacto Municipal polas Infraestruturas, que fixe as actuacións prioritarias na materia e que sexa asumido polo conxunto das forzas políticas representadas na Corporación.



Asdo.: Agustín Hernández
Portavoz do Grupo Municipal do Partido Popular

En Santiago de Compostela, a 27 de agosto de 2015.

- Sr. Alcalde do Concello de Santiago de Compostela